

JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que o Concello de Outeiro de Rei está a organizar a “**III FEIRA DA ARTESANÍA DE OUTEIRO DE REI**” que se celebrará o sábado 4/07/2009.

Por este motivo, todas as persoas que desexen participar na mesma coma expositores, ben na sección de artesanía ou ben na de alimentación (traendo produtos de elaboración ou cosecha propia) poden recibir información no Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello.

Doutra banda, e ao igual que na pasada edición, está previsto ter unha **exposición monográfica** que nesta ocasión pretende dar a coñecer o pasado do noso municipio a través de fotos antigas.

Para este fin, o Concello solicita a colaboración de aquelas persoas que dispoñan de fotografías nas que se poidan observar enclaves paixísticos, festexos, feiras, tarefas do campo ou domésticas, pescadores... Estas fotografías poden achegarse durante o mes de maio á Casa da Cultura de Outeiro de Rei onde serán copiadas e devoltas aos seus propietarios.

Outeiro de Rei, 28 de abril de 2009

O alcalde,